



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL


Terceiro trimestre de 2020

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Terceiro trimestre de 2020

- O custo laboral das empresas diminuíu en Galicia un 1,8% no terceiro trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España a diminución foi do 1,1%. O custo laboral total en Galicia é de 2.307,76 euros, 217,65 euros inferior á media nacional (2.525,41 euros).
- O custo salarial diminuíu en Galicia un 1,1% no terceiro trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 0,9%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.693,35 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.859,12 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 0,3% en Galicia e un 4,0% en España no terceiro trimestre do ano.
- O custo laboral diminúe en dez comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 35,2 horas semanais en Galicia e de 34,8 horas en España.




⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.307,76 euros no terceiro trimestre de 2020, co que diminúe un 1,8% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral diminúe un 1,1% e supera en 217,65 euros o custo laboral en Galicia.

A diminución do custo laboral é inferior á do trimestre pasado, debido á finalización do estado de alarma no mes de xuño, o que favoreceu a reincorporación de traballadores afectados por ERTE. Estes traballadores continúan pertencendo á empresa mais non son remunerados con salarios senón con prestacións achegadas directamente polo Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) e nalgúns casos complementadas polas propias empresas. Ademais, as cotizacións sociais a cargo dos empregadores así como dos que se reincorpan á actividade teñen exoneracións.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.693,35 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón unha baixada do 1,1%. En España, o custo salarial baixa un 0,9%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que diminúe o 0,3% en Galicia, acadando os 1.557,14 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.689,45 euros, cunha diminución do 1,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...)

sitúanse en 614,41 euros en Galicia, co que diminúen un 3,7%; en España diminúen un 1,5%, ata os 666,29 euros.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total diminúe na construción e nos servizos mentres que aumenta na industria.

Na **Industria** o Custo total crece un 0,1% debido ao incremento dos Outros custos, 1,9%, mentres que o Custo salarial diminúe un 0,5%.

INDUSTRIA. Terceiro trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
0,1			
-0,4			
-0,4			
0,8			
-0,1			
	Custo total	2.782,5	0,1
	Custo salarial total	2.033,3	-0,5
	Outros custos	749,2	1,9
	Cotizacións obrigatorias	690,2	-1,6
	Percepcións non salariais	67,0	52,6
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	8,0	-22,4

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O descenso do 3,3% do Custo total na **Construción** vén motivado tanto polo descenso do Custo salarial total, -2,5%, como dos Outros custos, -5,1%.

CONSTRUCCIÓN. Terceiro trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-3,3			
-1,7			
-0,6			
-1,0			
0,0			
	Custo total	2.449,7	-3,3
	Custo salarial total	1.681,6	-2,5
	Outros custos	768,1	-5,1
	Cotizacións obrigatorias	670,3	-2,2
	Percepcións non salariais	103,2	-20,3
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	5,4	1,3

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 2,2% como consecuencia do decrecemento do Custo salarial total, -1,2% e dos Outros custos, -5,0%.

SERVIZOS. Terceiro trimestre de 2020				
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
-2,2		Custo total	2.180,3	-2,2
-0,8		Custo salarial total	1.612,3	-1,2
		Outros custos	568,1	-5,0
-0,8		Cotizacións obrigatorias	531,8	-3,1
-0,5		Percepcións non salariais	48,5	-17,5
0,1		Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	12,2	29,1

(1) As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 260 euros á media nacional; a menor diferenza dáse na Construción, en torno a 110 euros menor en Galicia.

3. Tempo de traballo

No terceiro trimestre de 2020, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,2 horas semanais, e destas, pérdense 7,8 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,8 horas, das que se perden 8,5 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 27,4 horas semanais en Galicia e de 26,4 horas no conxunto do Estado.


O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 0,3% e en España un 4,0%.

Custo laboral por hora efectiva. Terceiro trimestre de 2020		
	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	19,3	0,3
Custo salarial total	14,2	1,0
Outros custos	5,1	-1,7
España		
Custo laboral total	22,0	4,0
Custo salarial total	16,2	4,1
Outros custos	5,8	3,6

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha diminución do 2,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que supera en máis de 400 euros á media nacional, mentres que en Canarias e Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral descende en dez comunidades. Os maiores descenso rexístranse en Illes Balears (-13,7%) e Canarias (-11,6%). Os maiores incrementos prodúcense en Murcia (1,9%) e Navarra (1,3%).

Custo laboral total. 3º trimestre de 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Terceiro trimestre de 2020

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.307,76	-1,8	2.782,45	0,1	2.449,74	-3,3	2.180,34	-2,2
Custo salarial total	1.693,35	-1,1	2.033,29	-0,5	1.681,63	-2,5	1.612,27	-1,2
Custo salarial ordinario	1.557,14	-0,3	1.811,85	-0,1	1.572,21	-1,0	1.494,26	-0,3
Outros custos	614,41	-3,7	749,16	1,9	768,11	-5,1	568,07	-5,0
Cotizacións obrigatorias	569,86	-2,8	690,19	-1,6	670,30	-2,2	531,78	-3,1
Percepcións non salariais	55,53	-9,0	67,01	52,6	103,18	-20,3	48,49	-17,5
Subvencións e bonificacións	10,99	17,8	8,04	-22,4	5,37	1,3	12,20	29,1
España								
Custo laboral total	2.525,41	-1,1	2.976,35	-1,3	2.560,52	-0,2	2.441,78	-1,1
Custo salarial total	1.859,12	-0,9	2.168,52	-1,8	1.797,62	0,5	1.808,21	-0,9
Custo salarial ordinario	1.689,45	-1,2	1.909,96	-1,9	1.668,28	1,2	1.651,46	-1,3
Outros custos	666,29	-1,5	807,83	0,0	762,90	-1,8	633,57	-1,9
Cotizacións obrigatorias	612,15	-2,3	733,39	-2,6	691,66	-1,7	584,36	-2,4
Percepcións non salariais	66,02	6,4	83,66	27,0	77,00	-6,4	62,02	3,6
Subvencións e bonificacións	11,87	-2,9	9,21	-17,8	5,77	-33,5	12,80	0,9

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Terceiro trimestre de 2020

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	19,3	0,3	21,9	3,1	17,6	-1,7	18,8	-0,3
Custo salarial total	14,2	1,0	16,0	2,4	12,1	-0,9	13,9	0,7
Custo salarial ordinario	13,0	1,9	14,2	3,0	11,3	0,7	12,9	1,7
Outros custos	5,1	-1,7	5,9	5,0	5,5	-3,5	4,9	-3,2
España								
Custo laboral total	22,0	4,0	24,2	1,0	18,6	-0,4	21,8	5,0
Custo salarial total	16,2	4,1	17,6	0,5	13,0	0,3	16,2	5,3
Custo salarial ordinario	14,7	3,9	15,5	0,3	12,1	1,0	14,8	4,8
Outros custos	5,8	3,6	6,6	2,3	5,5	-1,9	5,7	4,2

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Terceiro trimestre de 2020

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	27,4	7,9	29,2	9,0	32,1	6,3	26,6	7,8
Tempo completo	30,1	8,9	29,2	9,4	33,0	6,4	29,7	9,1
Tempo parcial	17,1	3,9	20,1	5,3	16,1	4,5	16,9	3,8
España								
Ambas xornadas	26,4	8,5	28,3	9,6	31,7	6,4	25,7	8,5
Tempo completo	29,3	9,6	29,3	10,1	32,8	6,6	29,0	9,7
Tempo parcial	16,3	4,9	17,3	4,6	17,0	4,3	16,2	4,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Terceiro trimestre de 2020

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.525,4	99,4	-1,1	22,0	111,0	4,0
Andalucía	2.271,9	99,1	-0,2	19,4	107,8	4,6
Aragón	2.406,4	99,6	-1,3	20,5	106,7	-0,8
Asturias	2.550,8	99,2	0,4	22,2	109,2	2,7
Balears, Illes	2.136,1	89,7	-13,7	18,8	105,3	5,6
Canarias	1.950,1	90,2	-11,6	18,4	111,6	5,7
Cantabria	2.411,1	99,2	-2,5	20,1	108,7	1,0
Castilla y León	2.323,8	100,0	0,6	19,8	107,0	1,8
Castilla-La Mancha	2.322,6	102,7	1,2	19,4	109,8	2,4
Cataluña	2.693,7	100,1	0,6	24,2	115,4	5,9
Comunitat Valenciana	2.252,2	99,5	-2,4	19,2	108,2	1,2
Extremadura	1.981,1	94,5	-5,0	17,3	103,4	-2,8
Galicia	2.307,8	102,6	-1,8	19,3	111,2	0,3
Madrid	2.979,7	99,1	-0,4	25,3	111,4	5,9
Murcia	2.294,2	99,0	1,9	19,6	109,2	2,4
Navarra	2.823,9	106,4	1,3	25,0	116,0	3,0
País Vasco	3.081,4	104,5	-0,7	29,4	121,4	0,1
Rioja, La	2.301,2	98,3	0,3	19,8	106,9	2,6

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Terceiro trimestre de 2020

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	1.859,1	98,0	-0,9	16,2	109,5	4,1
Andalucía	1.660,7	97,9	-0,1	14,2	106,4	4,7
Aragón	1.759,4	98,1	-1,0	15,0	105,1	-0,5
Asturias	1.885,7	97,7	0,8	16,4	107,6	3,1
Balears, Illes	1.568,7	89,2	-12,7	13,8	104,5	6,8
Canarias	1.396,0	87,8	-13,2	13,2	108,6	3,9
Cantabria	1.775,0	98,2	-2,0	14,8	107,6	1,4
Castilla y León	1.708,3	99,4	1,2	14,5	106,4	2,4
Castilla-La Mancha	1.689,8	101,2	1,5	14,2	108,1	2,8
Cataluña	1.987,1	98,5	1,2	17,8	113,6	6,6
Comunitat Valenciana	1.646,2	97,8	-2,3	14,1	106,4	1,3
Extremadura	1.440,2	92,5	-4,8	12,6	101,2	-2,6
Galicia	1.693,4	102,3	-1,1	14,2	111,0	1,0
Madrid	2.225,1	97,6	-0,7	18,9	109,8	5,5
Murcia	1.675,6	97,2	2,2	14,4	107,2	2,7
Navarra	2.061,2	104,9	0,9	18,2	114,4	2,5
País Vasco	2.279,1	103,4	-0,8	21,8	120,1	-0,1
Rioja, La	1.668,5	95,2	-0,1	14,4	103,5	2,2

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Terceiro trimestre de 2020

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	666,3	103,5	-1,5	5,8	115,6	3,6
Andalucía	611,2	102,7	-0,5	5,2	111,8	4,4
Aragón	647,0	104,0	-2,1	5,5	111,6	-1,6
Asturias	665,1	103,6	-0,6	5,8	114,0	1,6
Balears, Illes	567,4	91,1	-16,4	5,0	107,3	2,2
Canarias	554,1	97,1	-7,6	5,2	120,0	10,6
Cantabria	636,1	102,3	-3,8	5,3	112,0	-0,4
Castilla y León	615,5	101,6	-0,9	5,2	108,9	0,2
Castilla-La Mancha	632,8	107,3	0,4	5,3	114,5	1,5
Cataluña	706,7	104,8	-1,3	6,4	120,7	3,9
Comunitat Valenciana	606,0	104,5	-2,7	5,2	113,6	1,0
Extremadura	540,9	100,2	-5,5	4,7	109,8	-3,1
Galicia	614,4	103,6	-3,7	5,1	112,0	-1,7
Madrid	754,6	103,5	0,6	6,4	116,2	6,9
Murcia	618,6	104,4	1,2	5,3	115,0	1,5
Navarra	762,7	110,6	2,5	6,7	120,8	4,3
País Vasco	802,3	107,8	-0,1	7,7	125,1	0,7
Rioja, La	632,8	107,6	1,4	5,5	117,0	3,8

Fonte: INE